

[Inicio](#) > [Institucional](#)

Venres, 15 de outubro do 2010

A bordo do BIO Sarmiento de Gamboa con arredor de 20 investigadores

A campaña do Gran Burato parte do Porto de Vigo este sábado

D. Besadío | Vigo

Tal e como se prevía será este sábado pola tarde cando partan do Porto de Vigo os integrantes da Misión Galega do Gran Burato, unha vez finalizados todos os labores de embarque e posta a punto dos equipamentos que se van empregar nas dúas semanas que durará a campaña. Farano a bordo do buque de investigación oceanográfico Sarmiento de Gamboa atracado no espigón 4 dos pantaláns pesqueiros do Berbés.

Liderados polos catedráticos Daniel Rey e Belén Rubio, centraranse en realizar unha cartografía detallada duns fondos mariños nos que se agocha un orificio de catro quilómetros de diámetro e 300 metros de fondo, o coñecido como Gran Burato, co obxectivo de determinar a existencia ou non de hidratos de gas, un tipo de hidrocarburo que se albisca como fonte alternativa de enerxía.

Obxectivos e prazos

A expedición, financiada pola Consellería de Economía e Industria, terá un custe total de 450.000 euros, dos que 150.000 se destinarán aos gastos da Universidade e 300.000 ao barco. En total participarán arredor de 20 investigadores nos que se inclúen, ademais dos membros vigueses, profesionais das Universidades de Aveiro, do Instituto Español de Oceanografía e do Instituto Andaluz de Ciencias da Terra, un centro mixto pertencente ao Consello Superior de Investigacións Científicas, CSIC, e á Universidade de Granada, co apoio en terra do resto de investigadores do grupo GEOMA, ao que pertencen Rey e Rubio.

En canto aos obxectivos da expedición, o director de GEOMA, o catedrático Federico Vilas, que nesta ocasión dará apoio dende terra aos investigadores, subliñou en numerosas ocasións a importancia de estudar en detalle a zona, xa que se ben este tipo de estruturas son habituais en algúns campos petrolíferos que se están a explotar na actualidade, non en todos os fondos nos que aparecen dan lugar a campos petrolíferos ou de gas que se poidan explotar. Neste senso, a expedición realizará un tipo de investigación moi aplicada que servirá de ferramenta para saber se hai indicios suficientes que fagan viable incrementar o gasto e realizar unha prospección e unha perforación, unha actuación que correría a cargo dunha empresa especializada.

No que a prazos se refire a idea é contar cun informe da campaña en novembro e entregar as conclusións á Xunta ao longo do mes de decembro, que será a encargada de decidir se finalmente se envía ou non un buque sísmico a esta zona.